

Con data de 15 de decembro o Grupo Municipal Socialista a través da súa voceira comunica a esta Alcaldía o seu desexo de varia-las dedicacións exclusivas que corresponden ós cargos do seu grupo no senso de substituír ó señor Concelleiro, don Miguel Barros Puente polo señor Concelleiro, don Mauricio Ruíz Cenicerros.

En virtude do exposto e da proposta realizada, esta Alcaldía

R E S O L V E :

Primeiro.—Nomear para o cargo de dedicación exclusiva de “Concelleiro, do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, membro de Comisión Informativa”, a don Mauricio Ruíz Cenicerros, cunha retribución bruta anual de 59.643,23 euros, cesando no mesmo a don Miguel Barros Puente, que ostentará un cargo con dedicación parcial cunhas retribucións brutas anuais de 10.812 euros.

Segundo.—As retribucións anuais brutas, especificadas no acordo do Pleno para cada cargo aboaranse en catorce pagas agás as correspondentes ós Concelleiros/as con dedicación parcial que se aboarán en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.—As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas deles dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Quinto.—Proceder á modificación das cotizacións na Seguridade Social dos concelleiros afectados.

Sexto.—Notifica-la presente resolución a tódolos interesados instando ós membros corporativos con novas dedicacións exclusivas a que no prazo dos tres días seguintes á notificación dirixan escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Concello, no que se manifeste a aceptación ou non da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Sétimo.—Notifica-la presente resolución á Unidade de Persoal deste Concello, a Tesourería e á Intervención Xeral.

Oitavo.—Publica-la presente resolución no Boletín Oficial da provincia (BOP), e no taboeiro de edictos do Concello.

Vigo, 17 de decembro de 2003.—A Alcaldesa, Corina Porro Martínez.—O Secretario Xeral, José Riesgo Boluda. 451

* * *

PONTEAREAS

E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía don José Manuel Fernández Pérez, licenza municipal para a apertura de “Bocatería-tapería”, a situar en Paseo Matutino, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia—, poidan examinalo expediente na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Ponteareas, a 15 de xaneiro de 2004.—O Alcalde, ilexible. 585

* * *

CANGAS

A N U N C I O

O Concello Pleno, en sesión de data 9 de xaneiro do 2004, acordou, entre outros asuntos, ratificar a resolución da Alcaldía de data 16-12-03, relativa ó expediente de depuración de saldos acreedores orzamentarios 2/03. Os/as interesados/as poderán consulta-lo expediente nas dependencias de Secretaría no prazo de quince días hábiles a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia, para formular no seu caso, as reclamacións que estimen convenientes.

Cangas, a 26 de xaneiro de 2004.—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo villar. 756

A N U N C I O

O Concello Pleno, en sesión de data 31 de outubro do 2003, aprobou inicialmente o Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Deportivas Municipais e someteuno a información pública por 30 días hábiles, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de data 1 de decembro do 2003. Igualmente, sometéuse a información pública mediante anuncio que foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días hábiles. Non habéndose presentado reclamacións, nin alegación ningunha, no prazo de información pública, elévase a definitivo dito regulamento que se transcribe a continuación:

REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

ART. 1.—CONDICIÓNS XERAIS

1. O Concello de Cangas pon a disposición de calquera persoa ou entidade a posibilidade de acceder ás distintas instalacións deportivas dependentes do Concello, para integrarse en actividades dirixidas ou para realizar actividades libres, adestramentos deportivos, competicións ou calquera outra práctica e/ou manifestación deportiva ou sociocultural.

2. Para o mellor cumprimento destes fins, o Concello de Cangas desenvolveu unha serie de normas que servirán, dunha parte, para garantir os dereitos dos usuarios das instalacións deportivas municipais e doutra, para fixa-las necesidades, obrigacións ou deberes destes co persoal, cos demais usuarios e co propio equipamento deportivo.

3. As entidades deportivas e usuarios particulares que fan uso da instalación, aceptan as presentes normas e se compromenten ó seu cumprimento.

ART. 2.—INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

1. Son instalacións deportivas municipais tódolos edificios, terreos, recintos e dependencias de titularidade municipal destinada á práctica deportiva, correspondendo a xestión dos mesmos ó Concello de Cangas, ben directamente ou a través de calquera das formas de xestión que prevé a lexislación de réxime interno.

2. O Ilmo. Concello de Cangas á proposta do Concelleiro responsable da área de Deportes, poderá autoriza-la existencia de publicidade, estática ou móbil, permanente ou non, realizada por calquera elemento técnico ou soporte, se o solicita algunha entidade deportiva ou particular, previo pago, no seu caso, das tarifas de prezos establecida pola normativa correspondente.

ART. 3.—USUARIOS

1. A efectos da presente normativa, enténdese por usuarios das instalacións deportivas municipais a aquelas persoas ou entidades que utilizan éstas, ben participando en programas promovidos e xestionados polo propio Concello de Cangas, ou ben participando do alquiler e cesión de ditos espazos deportivos.

2. Tódolos usuarios, comprometeranse a darlle ás instalacións deportivas e o material existente, o seu uso correcto para a evitación de accidentes e o deterioro prematuro do mesmo.

3. Toda persoa será responsable por tódolos danos que ocasione nas Instalacións Deportivas Municipais, polo incorrecto uso das mesmas. Dita

responsabilidade é tanto por actos dolosos como negligentes.

4. Cando o usuario da instalación sexa un menor, serán responsables das consecuencias dos seus actos, seus pais ou titores legais.

5. O acceso ás instalacións deportivas municipais supón a aceptación das normas contidas neste regulamento por calquera tipo de usuario.

ART. 4.—DEREITOS DOS USUARIOS

1. Ser tratados con amabilidade e educación por todo o persoal que preste os servicios nas Instalacións Deportivas Municipais.

2. Disfrutar, de acordo ás normas de uso establecidas e ás tarifas vixentes, de tódolos servicios que preste o Concello de Cangas e as súas instalacións.

3. Dispoñer dunha Folla de Reclamacións para face-las queixas, suxestións e reclamacións que considere oportuno.

4. Facer uso da instalación nos días e horarios sinalados no programa ou alquiler contratado, se ben, o Concello de Cangas, por necesidades de programación ou forza maior, poderá anular ou variar as condicións establecidas, comunicando sempre esta circunstancia ós usuarios afectados con tempo suficiente.

5. Utiliza-las servicios e espazos complementarios como vestiarios, aseos, etc.. nos termos previstos no presente Regulamento ou no uso interno de cada unha das instalacións.

6. O Concello de Cangas velará polo mantemento e conservación adecuados do conxunto de bens e equipamentos deportivos para así presta-lo servicio público ó que están destinados durante a vida útil da instalación.

ART. 5.—OBRIGAS DOS USUARIOS

1. Tódolos usuarios que dispoñan da utilización dunha instalación están obrigados a empregar roupa deportiva e calzado adecuado ó pavimento da mesma, que será distinto ó calzado co que se accedeu dende a rúa.

2. Utiliza-las instalacións, material e mobiliario de xeito adecuado, evitando posibles deterioros ou danos nas instalacións ou na saúde e dereitos dos usuarios.

3. Garda-lo debido respecto ós demais usuarios e o persoal das instalacións, así como atender en todo momento as indicacións do persoal responsable das mesmas.

4. Aboa-las tarifas correspondentes ó servicio ou á actividade elixida, dentro dos prazos que se establezan.

5.—Presentar-lo carné, tarxeta ou documento identificativo estipulado para acredita-la súa con-

dición de usuario, non podendo cedelo ou transmitirlo a un terceiro.

Á demanda do persoal responsable das instalacións, calquera usuario/a estará obrigado/a a identificarse convenientemente sempre que lle sexa requirido.

6.—Cumprir os horarios establecidos nos alquileres de cada espacio deportivo.

7.—Está prohibido en todo o recinto:

- a) Introducir animais
- b) Fumar
- c) A presenza de bicicletas, patíns ou monopatíns
- d) Introducir calquera tipo de recipientes
- e) Xogar con pelotas ou balóns fora das pistas deportivas
- f) Cuspir ou derramar líquidos de calquera natureza.
- g) Comer.
- h) Guindar o chan ou abandonar calquera tipo de desperdicios fora das papeleiras.

8.—O persoal de vixilancia e prestación de servizos responsable das instalacións, ten a facultade para negar-lle acceso, ou expulsar a aquelas persoas que incumpran de xeito reiterado algunha das normas contidas neste regulamento (ou normativa legal aplicable), ou cando as súas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade dos usuarios.

9.—Os menores de idade deberán, para acceder á instalación, ir acompañados dunha persoa maior de idade que se responsabilice deles perante todo o tempo que permanezan no interior do recinto.

Non deixar obxectos en ningún recinto da instalación (vestiarios, duchas, pasillos, etc.), só podendo ter ocupado o vestiario perante a realización da actividade. O Concello de Cangas non se fai responsable dos obxectos e enseres olvidados, perdidos ou desaparecidos na instalación e, particularmente, nos vestiarios. Existe un departamento de obxectos perdidos na Conserxería da propia instalación. Nestes casos o Concello actuará en conformidade có disposto no artigo 615 do código civil.

11.—Non se permite en ningún caso a entrada ou permanencia nas instalacións deportivas nas franxas horarias reservadas a actividade escolar ou a actividades programadas polas Asociacións de Pais de Alumnos.

ART. 6.—NORMAS XERAIS DE RESERVA E USO DAS INSTALACIÓNS

1. Poderá limitarse o acceso e o uso de instalacións naqueles casos nos que non se cumpra o establecido por norma legal ou regulamentaria.

2. Non se permitirá, no interior dos edificios, a práctica doutra actividade que non sexa a especi-

ca en función do seu deseño e dos elementos que conteña.

3. Queda expresamente prohibida a realización de actividades que perturben ou molesten ós demais usuarios ou poidan supoñer perigo para os elementos da instalación.

4. Non se deberá permanecer no interior do edificio máis co tempo necesario para a realización das actividades propias dos elementos que conteñan.

5. A reserva deberá efectuarse na oficina que habilite o Concello de Cangas por medio dun impreso tipo.

6. As reservas para a fin de semana daqueles equipos que participen nas distintas ligas e competicións, así como as reservas puntuais, deberán efectuarse antes do mércores da mesma semana na que se vaian a utilizar.

7. Poderán solicitar a utilización os clubs, agrupacións, federacións e calquera tipo de entidade recoñecida e rexistrada legalmente, así como calquera particular.

8. O Concello de Cangas garantirá a utilización das instalacións deportivas municipais para os diferentes deportes, sempre que se dean as condicións técnicas axeitadas para o seu correcto desenvolvemento, e sempre limitadas polas solicitudes e espacio dispoñible.

9. Cando por reparacións imprevistas nas unidades deportivas, tentárase ofrecer outra unidade deportiva de características similares. De non ser posible no período de 15 días, o usuario terá dereito a solicitar a devolución da tarifa correspondente.

10. Aquela entidade que, por causas non previstas, decida renunciar á súa concesión, deberá comunicalo por medio dunha instancia-modelo escrita nas oficinas do Concello de Cangas cunha antelación mínima de 5 días, non podendo cedelo dereito de uso da instalación a outra entidade.

11. A concesión de uso queda supeditada ás posibles autorizacións do Concello de Cangas para actos ou competicións, non habendo lugar a reclamacións cando por dita circunstancia teña que suspenderse o horario concedido. Sen embargo, sempre que sexa posible, comunicárase alomenos con 48 horas de antelación.

12. O Concello de Cangas favorecerá a práctica de deportes minoritarios nas distintas instalacións, sempre que sexa posible tecnicamente, tendo en conta criterios de calidade, categoría, carácter e difusión da actividade.

13. A non utilización, a infrutilización e/ou a falta de pago das reservas concedidas, implicará a revisión do horario de cesión, podendo dar lugar a anulación do mesmo e/ou á posible retirada da prioridade de uso da instalación en vindeiras peticións ou tempadas deportivas.

14. Por razóns de demanda existente, e de acordo a criterios de calidade deportiva e rendabilidade de uso, poderá programarse a utilización simultánea de dous equipos ou grupos do mesmo deporte.

15. Os equipos poderán acceder ós vestiarios 30 minutos antes do adestramento ou actividade programada, ampliándose esta antelación a 60 minutos no caso de partidos de competición oficial.

ART. 7.—PAGO DAS TARIFAS PARA O USO DAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS

As instalacións deportivas municipais son de acceso libre para tódalas persoas sen ningunha outra limitación que o pago da tarifa correspondente para o uso e disfrute das mesmas, de acordo coas normas de uso e tarifas establecidas no texto regulador das tarifas pola prestación de servicios ou realización de actividades en centros deportivos e recreativos, aprobado polo Órgano Municipal correspondente.

O pago da tarifa correspondente para poder utilizar-la instalación é obrigatorio e realizarase na forma e contía que se estableza en cada momento, non concedéndose ningún tipo de redución ou exención, salvo as expresamente previstas en dita normativa e de acordo co trámite legal procedente de aprobación polo Órgano Municipal competente.

ART. 8.—NORMAS XERAIS DE USO E RESERVA DÁS INSTALACIÓNS MEDIANTE ABONO POR TEMPADA

1. Para establece-las prioridades na concesión deste tipo de uso aplicaranse os seguintes criterios:

- 1) Que a entidade ou clube estea rexistrado no Concello de Cangas.
- 2) Que os equipos solicitantes veñan xa disputando os seus encontros nesa instalación.
- 3) Que lles fose concedida a petición de uso para adestramentos
- 4) Que participe en Competicións Oficiais Federadas

Ademáis destes requisitos, valorarase:

- * Nivel da competición
- * Repercusión social

2.—A tempada deportiva enténdese dende o 1 de agosto ata o 31 de maio do ano seguinte. A prórroga de utilización nos meses de xuño e xullo deberá contar coa aprobación do Órgano Municipal competente.

3. O prazo de presentación de solicitudes será do 1 de maio ó 15 de xuño. Nos quince días seguintes, o Concello de Cangas elaborará e presentará unha proposta de plan de uso por instalacións ás entidades demandantes.

4. Durante o mes de xullo, convocaranse reunións por instalacións, con asistencia das entidades

implicadas na concesión co fin de estudar e presentar posibles modificacións, e realiza-los trocos necesarios ata conseguir que queden fixados os horarios concedidos a cada clube. Elaborarase unha lista de espera de entidades, en previsión de posibles renuncias posteriores.

Esta reunión será coordinada polo vocal do Concello de Cangas, polo técnico da Concellería e/ou polo Concelleiro competente.

5. Aprobado o plan de uso, comunicarase, por parte do concelleiro responsable da área de Deportes, antes de finais de xullo, a confirmación do espacio e tempo concedido a cada entidade, debendo firma-lo representante autorizado da mesma o correspondente recibín, así como a aceptación da normativa xeral e específica vixente en cada instalación.

6. Adxudicado o uso para adestramentos, promoverase unha reunión, alomenos quince días antes do comezo da competición, para establecer, de acordo cos distintos calendarios, o programa de reservas para a competición en fin de semana.

7. A entidade solicitante quedará comprometida ó abono do tempo de concesión, aínda que non faga uso efectivo da mesma.

ART. 9.—INFORMACIÓN ESPECÍFICA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

1. En cada unha das instalacións deportivas figurará con carácter perceptivo e nun lugar visible un taboleiro informativo cos seguintes contidos:

- Texto vixente regulador das tarifas de uso das instalacións deportivas
- Normas de uso das instalacións deportivas
- Horario de uso da instalación
- Nome do responsable da instalación
- Horario de atención ó público

2. Esta información exporase ó principio de tempada nos taboeiros de anuncios de cada instalación.

ART. 9.—HORARIOS XERAIS DE USO DAS INSTALACIÓNS

De Lúns a Venres:

- * De 9.00 a 13.30 horas – Apertura da instalación: 8.30 horas; Peche ás 14 horas
- * De 16.00 a 23:00 horas – Apertura da instalación: 15.45 horas; Peche ás 23.15

INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Prioridade para tódolos clubes rexistrados no Concello de Cangas

*INSTALACIONES DEPORTIVAS CONCEDIDAS
POLOS CENTROS DE ENSEÑANZA*

1.—Prioridade para o desenvolvemento das actividades deportivas organizadas polo propio centro (obrigatorias e extraescolares).

2.—Para tódolos clubs rexistrados no Concello de Cangas

Sábados:

- * De 9:30 a 13:30 horas – Apertura da instalación: 9:00 horas; Peche ás 14 horas
- * De 16:00 a 22:30 horas – Apertura da instalación: 15:30 horas; Peche ás 23:00
- * Domingos e Festivos
- * De 9:30 a 13:30 horas –Apertura da instalación: 9:00 horas;Peche ás 14:00 h
- * Tardes cerrado.

* *INSTALACIONES DEPORTIVAS MUNICIPALES:*

Prioridade para os equipos que entrenen na instalación para xoga-los seus encontros en Sábado ou Domingo. Así mesmo, terán preferencia de hora de competición os equipos de categoría nacional e rexional.

* *INSTALACIONES DEPORTIVAS CONCEDIDAS
POLOS CENTROS DE ENSEÑANZA*

1.—Prioridade para o desenvolvemento das competicións deportivas escolares oficiais.

2.—Para os equipos que entrenen na instalación para xoga-los seus encontros en sábado ou domingo. Así mesmo, terán preferencia de hora de competición os equipos de categoría nacional e rexional.

- * Só para clubs

Será asinado a cada clube polo Concello de Cangas a distribución xeral que lle corresponda.

ART. 10.—PÉRDIDA DA CONDICIÓN DE USUARIO

O incumprimento das obrigas que se derivan da condición de usuario poderá levar consigo a perda de tal condición, conforme o previsto no presente regulamento.

Tales incumprimentos clasificaranse en leves e graves, segundo se detalla a continuación.

1. Incumprimentos Leves:

- * O incumprimento dalgunhas das obrigas dos usuarios, cando a súa consecuencia non dea lugar a cualificación de grave.
- * O trato incorrecto a calquera usuario, persoal, técnicos, ...
- * Causar danos leves de xeito voluntario á instalación, material ou equipamento das mesmas.

2. Incumprimentos Graves:

- * O incumprimento reiterado dalgunhas das obrigas dos usuarios.
- * O mal trato a verba u obra a outros usuarios, espectadores, profesorado, técnicos, xuíces ou empregados da instalación.
- * Causar danos graves de xeito voluntario á instalación, material ou equipamento das mesmas.
- * Orixinar, por imprudencia ou negligencia, accidentes graves, a si mesmo ou a outras persoas.
- * Falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade, estado de saúde, ..., e a suplantación da identidade.
- * A reincidencia en incumprimentos resoltos como leves.

Consecuencias

- Os incumprimentos leves correxiranse con apercibimento por escrito ou a perda da condición de usuario por un periodo de 5 a 30 días.

- Os incumprimentos graves correxiranse con apercibimento por escrito e coa perda da condición de usuario por un periodo comprendido entre 30 días e 5 anos, se a gravidade do mesmo o fixera necesario.

Procedemento

- Concello de Cangas a través do concelleiro da área de Deportes será a persoa encargada de tramitalo procedemento.

- As propostas comunicaranse por escrito ós interesados dándolles 10 días hábiles de audiencia para que poidan efectuar as súas alegacións e presentalos documentos e informacións que estimen pertinentes.

- Unha vez concluído o prazo de audiencia e á vista das alegacións presentadas, o concelleiro responsable resolverá o que proceda. Unha vez resolto, notificarase ó afectado dentro do prazo que confire a lexislación administrativa.

- Contra os acordos adoptados, poderán interporse outros recursos que se estimen oportunos, de conformidade co disposto na Lei de Procedemento Administrativo.”

A N E X O I

**NORMAS DE ACCESO: ESTADIO MUNICIPAL
DE ATLETISMO DE CANGAS**

1) Clubs de Atletismo: solicitude ó Concello de Cangas, onde figurarán Nº de atletas federados, categorías, relación nominal, fotocopia da ficha e do D.N.I.

2) Atletas de Clubs doutras zonas: solicitude dirixida o Concello de Cangas, onde figure o

nome do atleta, a súa categoría, fotocopia da ficha e do D.N.I.

3) Colexios e escolas de Atletismo: solicitude dirixida o Concello de Cangas onde figure o horario, Nº de participantes e persoa responsable.

4) Delegación de Atletismo: para realizar calquera tipo de competición ou control nas pistas, solicitarase o Concello de Cangas facilitando os seguintes datos: Data, Xornada (mañan/tarde), horario, e si é posible as probas que se van celebrar.

- Os atletas que usen o Estadio de Atletismo, se lles facilitara un carné, onde figurará: Nome, clube o que pertence, a Categoría, e o número de Licencia.
- O igual que os atletas, as persoas non federadas que desexen utiliza-lo estadio de atletismo, deberán solicita-lo carné no Concello de Cangas, onde figurará: Nome e Apelidos, D.N.I., Dirección, Teléfono e Días de Uso.

O carné, presentarase cada vez que se acceda á instalación, ou no seu caso, cando sea solicitado polo responsable da mesma.

- Así mesmo o Conxerxe da instalación rexistrará os datos do usuario nunha Folla de Rexistro, onde figurará: Nome e Apelidos do Usuario ou responsable do grupo, Hora de chegada, Hora de saída e Observacións (onde o conserxe poderá reflexar, se dita persoa ou grupo crearon algún incidente ou desperfecto na instalación).

- Os atletas das categorías inferiores a Xuvenil, só poderán ter acceso ás instalacións se están acompañados polo seu adestrador ou monitor.

- Para os Colexios e Escolas deportivas facilitarase un pase para o adestrador/ monitor, sendo responsable, unha vez que acabe a actividade, de que non quede ningún componente do grupo nas pistas.

- As Competicións e Controis, tendrán acceso libre.

A N E X O I I

NORMAS DE UTILIZACIÓN: ESTADIO MUNICIPAL DE ATLETISMO DE CANGAS

ART. 1: Calzaránse exclusivamente zapatillas de claos de 6 mm de lonxitude, a excepción dos especialistas de marcha.

“É TOTAL A PROHIBICIÓN DE USAR ZAPATILLAS SEN CLAVOS, POLO EFECTO DE FORTE ABRASIÓN QUE EXERCEN SOBRE O PAVIMENTO SINTÉTICO”.

ART. 2: Uso recomendable das calles:

- Calles 1 e 2: por norma xeral non utilizables. Salvo previa autorización expresa da Concello de Cangas.

- Calle 3: Fondo
- Calle 4: Vallas

- Calle 5: Fraccionada

- Calle 6: Marcha e Fondo

NOTA: A diferenza respecto a calle 1 e de 15 m por volta na calle 3, e de 10m. na calle 2.

ART. 3: As saídas e series cortas hasta 100 m se efectuarán na recta oposta a meta. Se recomenda coloca-los tacos de saída a 10/20 cm das liñas divisorias das calles, co fin de evita-lo deterioro da zona central das mesmas. So estará permitido adestrar na recta de meta no caso de estar totalmente ocupada a outra recta.

NOTA: Queda totalmente prohibido coloca-los tacos de saída encima das liñas divisorias das calles, para evita-lo desgaste das mesmas.

ART. 4: As vallas retiraránse da pista despois de ser utilizadas, evitando que, por oxidación, se deterioren éstas e o pavimento sintético; polo cal se recolleran e deixaran no almacen de material.

ART. 5: Permiteuse efectua-las saídas en curva, polas calles 4 e 5, a os corredores de 200 e 400 e a os saltadores de altura.

ART. 6: Os fosos de saltos barreranse ó finaliza-lo entrenamiento, devolvendo toda a área que saira deste.

ART. 7: Os lanzadores de Disco, Xabalina e Martelo tendrán prioridade no uso do céspede, estando a súa disposición e tendo a obriga de delimita-lo espacio requerido para os seus adestramentos, evitando o perigo para tódolos atletas alleos a ditas probas.

NOTA: O lanzamento só se poderá realizar na gaiola, se ésta está coa rede erguida.

ART. 8: Os lanzadores de Peso deberán realiza-los seus adestramentos no circulo e foso de area adecuado para dito lanzamento, así coma todo tipo de multilanzamentos con artefacto pesado. Excepto nas competicións ou salvo previa autorización expresa do Concello de Cangas.

ART. 9: USO DO CÉSPEDE.—O uso do cespede só será para atletas a partir da categoría cadete, e só exclusivamente o remate dos adestramentos; exceptuando atletas con mínima para o Cto. de España Absoluto, que o poderán utilizar libremente.

Ós atletas lesionados permitiráselles face-la súa recuperación en dita zona e a os especialitas en saltos, se ben só para o adestramento de multisaltos.

Non se podrá utiliza-lo céspede para quantar ou adestrar, excepto os días de competición.

NOTA: Para o bo funcionamento e evitar perigos maiores, este artigo dependerá do Artigo 8.

ART. 10: Nas zonas de pavimento sintético non utilizadas para a competición (pasillos paralelos ós saltos horizontais, as media lúas, as calles 7 e 8 da recta de meta, ...) poderán usarse zapatillas sen cla-

vos por aqueles atletas que precisen realizar exercicios de aplicación e asimilación. Sempre e cando non interfiran no desenvolvemento de actividades doutros usuarios previamente autorizados.

- Os pertiguistas deberán utilizar estas zonas para efectua-las carreiras con pértegas.

- Os lanzadores para efectua-los volteos solo poderán facelos en círculos de cemento.

ART. 11: Queda prohibido realiza-los entrenamentos en sentido contrario.

ART. 12: Os clubs serán responsables de tódolos desperfectos extradeportivos que poidan ocasionar os seus atletas, por exemplo, rotura de perchas, pintadas nas portas, aseos, bancos, destroz de material e portas etc...

ART. 13: Calquera anomalia observada nas instalacións será posta en coñecemento do responsable técnico do Estadio ou do seu cuidador.

ART. 14: Tódolos adestradores, como responsables que son dos seus atletas, deben controla-lo uso adecuado destas instalacións, co desexo de obter a máxima duración en óptimas condicións.

ART. 15: O Concello de Cangas resérvase o dereito de modifica-la presente normativa de utilización sen previo aviso.

A N E X O I I I

NORMAS USO MATERIAL: ESTADIO MUNICIPAL DE ATLETISMO DE CANGAS

Poderán solicitar material para a práctica de atletismo, toda persoa autorizada, previamente polo Concello de Cangas, para utiliza-lo Estadio de Atletismo.

Os usuarios do material deportivo teñen a obriga de recollelo, trasladalo á intalación, cuidalo e devolveo o seu lugar de orixe. No caso de que a utilización do mesmo sexa por un grupo ou clube deportivo, deberá existir unha persoa claramente identificada que se faga responsable do uso deste e dos danos que se poidan producir. (No caso dos clubs o responsable será o adestrador).

Tódolos usuarios ou entidades que soliciten material deportivo deberán deixar un documento identificativo (carne da instalación, D.N.I., ...), que se lle devolverá unha vez entregado o material e dando o seu visto bo o conserxe da súa devolución en perfecto estado.

O Conserxe ten a obriga de rexistrar na Folla de Material o préstamo realizado. Dita folla reflexara os seguintes datos: Nome e Apellidos da persoa responsable, Hora de préstamo, Hora de entrega e Observacións (onde se reflexara se o material sufriu algún dano).

Cangas, 20 de xaneiro do 2004.—O Alcalde, José Enrique Sotelo Villar. 755

Audiencia Provincial

PONTEVEDRA

E D I C T O

Acordado en el rollo de apelación civil número 332/2003, dimanante de los autos de procedimiento ordinario 442/2001 del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número dos de Pontevedra, se dictó sentencia con el número 290/2003, con fecha 23 de diciembre de 2003, del tenor literal:

“Rollo: Recurso de apelación 332/2003.”

Ilmos. Sres. Magistrados:

Presidente: Don José Juan Ramón Barreiro Prado.

Magistrados: Doña Ángela-Irene Domínguez-Viguera Fernández y don Jaime Esaín Manresa.

Sentencia número 290.—En Pontevedra, a veintitrés de diciembre de dos mil tres.

En el recurso de apelación interpuesto contra la sentencia dictada en los autos del proceso civil número 442/01, procedente del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número dos de Pontevedra, y promovido entre las partes, de una como apelantes y demandantes don Javier César Santiago Fernández y doña María Isabel Pita León, y de otra como apelados y demandados Cons-Casa 86 S.A., don José Ángel Hermo Tuñez, don Ignacio Hermo Tuñez, don José M. Caeiro Rodríguez y Construcciones Santiso Alba S.L., este último en rebeldía procesal, en el juicio ordinario, sobre reclamación de daños y perjuicios derivados de vicios de la construcción.

(Siguen antecedentes de hecho y fundamentos jurídicos.)

Fallamos.—Que, estimando en parte el recurso de apelación interpuesto por el Procurador Sr. Pedro Antonio López López, en nombre y representación de don Javier César Santiago Fernández y doña María Isabel Pita León, contra la sentencia dictada por el Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número dos de Pontevedra, en fecha 13 de mayo de 2003, en los autos de juicio ordinario número 442/01, debemos revocar y revocamos parcialmente la sentencia impugnada, condenando de modo solidario, junto a la entidad mercantil Cons-Casa 86 S.A. ya condenada, a los codemandados entidad mercantil Construcciones Santiso Alba S.L., José Ángel Hermo Tuñez, Ignacio Hermo Tuñez y José María Caeiro Rodríguez, a que, además de lo ya resuelto en la resolución apelada, realicen en la controvertida vivienda de los demandantes las siguientes obras atendiendo a informe pericial de la Arquitecta Sra. González, obrante a fs. 53 y siguientes: A) En cuanto a la arqueta de saneamiento situada bajo la medianera del salón, se deberá independizar el sistema de evacuación de